



# CVRIOSIDADES

**S O**

**ALCABRE**

**L I**

**T A**

**XULLO  
AGOSTO**

**24**

**NOITE**

**MÚSICA**

**E PATRIMONIO**

# CURIOSIDADES SOLITA

*é un proxecto cultural no que se combina o coñecemento do patrimonio da cidade e a música en directo co obxectivo de converter "Villa Solita" nun espazo de encontro histórico-artístico.*

En 2024 presentamos para Curiosidades Solita unha proposta que segue a liña de edicións anteriores cunha programación caracterizada pola intervención de grupos novos ou artistas con referencias musicais pouco comúns e/ou diferenciadoras.

Misturaremos pop-rock e ritmos latinos, jazz, metal e punk, funky, bedroom pop e poemas feitos cancións, co fin de mostrar ao público a un grupo de artistas de diferentes xeracións, pero que teñen no seu ADN unha proposta musical reflexo das súas experiencias e inqedanzas.

5 DE XVLLO

# MARTA MERA E MARTÍN RIGZ SWING PROJECT



A cantante Marta Mera e o pianista Martín Rigz, acompañados ao contra-baixo por Juan Alonso e Juan Guerrero á batería, desenvolveran Swing Proyect, un proxecto musical creado por estes catro músicos da escena jazz galega, que farán un recorrido por algúns clásicos (e non tan clásicos) do swing, con algunha sorpresa.

O baile está asegurado!

12 DE XVLLLO

# CRÚAS



Crúas son un proposta de Alba á voz e Iria ao piano e voz que nace para poñer-lles música a palabras de poetas galegas. Poemas feitos cancións, melodías que transportan mensaxes, notas que evocan imaxes. Unha música das entrañas, íntima e delicada, que non se deixa clasificar en xéneros, que cura feridas abertas, que aperta almas crúas.

19 DE XVLLLO

# MJ PÉREZ



MJ Pérez é unha das voces do panorama actual da música galega. Inicia o seu percorrido en 2014 e acumula máis de 150 concertos por toda Galicia e tamén Portugal. Suma xa catro álbums: un autoeditado e outros tres auto-producidos. Estivo presente en festivais e nos principais circuítos musicais de Galicia. A artista arzuá, ofrece neste espectáculo unha auténtica viaxe de sensacións e estilos, pois vai dende o pop-rock ata a



música portuguesa, pasando por ritmos latinos. Se algo destaca desta autora é a súa versatilidade á hora de xogar cos diferentes estilos, mais sen perder a esencia que a caracteriza.

26 DE XVLLLO

# DÚBIDA




Dúbida é un proxecto creado por un grupo de amigos (Dania na voz principal, Bruno ao baixo, Xoán ao teclado, Michu na batería e Guti na guitarra) con ganas de facer música que foi medrando pouco a pouco experimentando con diferentes estilos. O seu pilar é o funky, pero tamén lles gusta navegar polo blues, jazz, pasando polo rock.



O2 DE AGOSTO

# TENUE



Tenue é unha banda de música que mezcla hardcore, punk, post rock, crust, metal...en urxentes e demoledores trallazos de salvaxe factura, adoradores da distorsión e o extremo, con cruos temas que transmiten rabia, violencia e decepción usando como armas afiladas guitarras, demoledoras seccións rítmicas e unha desgarradora interpretación vocal.





09 DE AGOSTO



# ARS LONGA

Ars Longa son Teresa Paz, soprano e frutas doces e Aland López, guitarra barroca e archilaúde que interpretaran un repertorio de panxoliñas, tonos e danzas de arquivos da América dos séculos XVI e XVII.



16 DE AGOSTO

# BRATZ ANTIFA



O dúo Bratzantifa, composto por Lucía Amado e Marina González, naceu como proposta musical en plena pandemia. Contan que comenzaron a experimentar con sonidos creados coa axuda do teléfono móbil para pasar o rato, e triunfaron no Festival de 2022 co seu cañeiro bedroom pop.

23 DE AGOSTO

# OTHER GAME



Other Game é un grupo de xóvenes vigueses que versiona cancións de rock e heavy de todos os tempos, como “Are You Gonna Be My Girl” de JET ou grupos como Nirvana, Metallica o Muse. A estos se lle suman cancións de creación propia nas que están traballando actualmente.

**XVLLLO**

05/07/24

**MARTA MERA E  
MARTIN RIGZ  
SWING PROJECT**

12/07/24

**CRÚAS**

**MJ  
PEREZ**

19/07/24

26/07/24

**DÚBIDA**

**AGO/TO**

02/08/24

**TENUE**

09/08/24

**ARS  
LONGA**

16/08/24

**BRATZ  
ANTIFA**

23/08/24

**OTHER  
GAME**

**HORA 21:00**

CVRIOSIDADES

**SOLITA**

CONCELLO  
DE VIGO

